



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

1. Obxecto

O obxecto do presente contrato é homoxeneizar e modernizar o parque informático do Concello debido as últimas novidades legislativas en canto a administración electrónica, procedemento administrativo, etc.... Esta homoxeneización e modernización pretende reducir a complexidade actual a hora de resolver incidencias tanto de software como de hardware debido os programas e aplicacións utilizadas na actualidade. Ademais ao dotar de equipamento moderno aos diferentes servizos e postos, buscase incrementar a axilidade no traballo cotián así como mellorar na xestión da administración electrónica.

O presente suministro ten por obxecto o arrendamento do equipamento informático que se cita nos seguintes apartados coas características que se especifican neste prego.

O contrato que en base ao presente prego se realice, terá por obxecto o arrendamento financeiro por período de 60 meses, do equipamento informático sinalado neste prego e pertencente o Excmo Concello de Portomarín. Estarán incluídos no mesmo os gastos derivados da instalación do equipo na dependencia que corresponda, o seu mantemento e seguro durante os 60 meses.

2. Xeneralidades.

Os produtos informáticos cuxa adquisición é obxecto de presente procedemento englobaranse dentro da gama de microinformática profesional.

As especificacións técnicas concretas de cada tipoloxía de produtos detallaranse polo miúdo nunhas fichas anexas a documentación a presentar.

Os licitadores ofertarán un prezo mensual polo total dos equipos que se inclúen na licitación.

O procedemento de arrendamento recollerá os seguintes conceptos:

- Ante a substitución dos equipos contemplase a obriga da instalación, posta a punta e traspaso de datos do usuario.
- A finalización do contrato o Concello de Portomarín determinará si se convoca un novo concurso ou se exerce o dereito de compra do equipamento informático que teña nese momento nas súas dependencias.
- A finalización do contrato o Concello de Portomarín se se exerce o dereito de compra do equipamento informático ofertado a adquisición será por un custo de cero euros.
- O arrendatario financeiro estará obrigado a continuidade na prestación do servizo de mantemento calquera que sexa a súa situación, ben sexa quebra técnica, ben sexa calquera outro tipo de situación e/ou casuística.
- O prezo mensual por equipo, I.V.E. incluído, será ofertado polo licitante para os 60 meses de duración do mesmo. No prezo entenderanse comprendidos tódolos gastos de compra e mantemento, incluso os de transporte, gastos xerais, seguro, beneficio industrial e I.V.E. que correrán a cargo do licitante.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

3. Instalación dos equipos.

A instalación do equipamento informático sempre se realizará nas distintas dependencias municipais, segundo sexa o caso, debendo a empresa adxudicataria facer a posta en marcha dos mesmos con sistema operativo e software como paquete de ofimática, antivirus e outras utilidades básicas necesarias e as configuracións de conexión á rede municipal que se lle proporcione á empresa adxudicataria.

4.- Seguro complementario.

O equipamento fornecido deberá estar cuberto por un seguro complementario durante toda a duración do contrato. A póliza entregárase xunto co resto da documentación técnica. Este seguro cubrirá calquera dano, roubo ou perda sufrido mentres se atopen dentro das instalacións municipais ou sexan transportados entre as distintas dependencias municipais ben pola empresa adxudicataria como por persoal de Concello de Portomarín.

5.- Mantemento do equipamento.

O equipamento subministrado contará co servizo de mantemento durante toda a vixencia do contrato en canto a reparacións, aínda que se requira a substitución de pezas ou do equipo completo. Dito mantemento levarase a cabo na dependencia onde se atope nese momento o equipo.

Dada unha diminución no rendemento/funcionalidade de traballo dun equipo ou dunha impresora, o Departamento correspondente requirirá unha revisión e/ou actualización de compoñentes hardware/software para que o seu funcionamento volva ser óptimo.

A empresa adxudicataria proporcionará un número de teléfono para a comunicación de avarías ou incidencias. Este número estará dispoñible de Luns a Venres, en horario de 8:00 a 15:00. Na oferta deberase indicar o número de liñas e persoal de atención telefónica existente. Ao informar dunha incidencia a empresa proporcionará un número de identificación único da mesma.

Tras a resolución de calquera actuación de mantemento, entregárase un informe de resolución indicando o número de incidencia, datas, identificativo do computador, diagnóstico da incidencia, proceso de resolución e compoñentes substituídos ou reparados.

Con todo, ao anteriormente indicado, o persoal do Departamento municipal correspondente terá liberdade para tentar solucionar as incidencias en primeira instancia, sen restrición á manipulación técnica dos equipos. Sen que isto menoscabe en ningún caso a garantía ou o servizo ofrecido.

Na oferta valorárase como unha mellora o que a empresa adxudicataria ofrezca sistemas máis avanzados de xestión de incidencias: sistema web online de comunicación de incidencias, sistema de xestión e seguimento de estado de incidencias, etc....

6.- Tipoloxía do equipamento informático.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Os equipos informáticos que compoñen o obxecto do presente concurso, clasificados segundo a súa tipoloxía, detállanse a continuación:

- Categoría 1. Computador persoal de sobremesa
- Categoría 2. Computador persoal de sobremesa + Monitor LED 19" + teclado + rato.
- Categoría 3. Impresora láser multifunción cor A3.
- Categoría 4. Impresora de etiquetas.
- Categoría 5. Escáner de escritorio de alta velocidade.
- Categoría 6. Sistema de Alimentación ininterrompida (SAI/UPS).

As características técnicas xerais mínimas recomendadas e específicas para os produtos cuxo subministración é obxecto deste procedemento son:

1. Computador persoal de sobremesa	
Concepto	Descrición
Procesador	Intel® core™ i5-6500 ou superior
Memoria	4GB RAM con capacidade de ampliación
Disco Duro	500GB SATA
Unidade Óptica	DVD Súper Multi
Tarxeta gráfica	Intel® HD Graphics 530 ou superior
Sistema Operativo	Windows 7 Professional 64bit OEM
Outros	Portos usb2.0 e 3.0 frontais

2. Computador persoal de sobremesa + monitor LED 19" + teclado + rato	
Concepto	Descrición
Procesador	Intel® core™ i5-6500 o superior
Memoria	4GB RAM con capacidade de ampliación
Disco Duro	500GB SATA
Unidade Óptica	DVD Super Multi
Tarxeta gráfica	Intel® HD Graphics 530 o superior
Sistema Operativo	Windows 7 Professional 64bit OEM
Monitor	LED de 19"
Outros	Puertos usb frontais
Periféricos	Teclado con lector de dni integrado e rato óptico non inalámbricos

3. Impresora láser multifunción cor A3.	
Concepto	Descrición
Método de impresión	Por haz láser en cor
Velocidade de impresión A4 (BN / cor)	40 / 35 ppm ou superior
Velocidade de impresión A3 (BN / cor)	20 / 17,5 ppm ou superior
Resolución de impresión (BN / cor)	1200*1200 ppp / 600*600 ppp ou superior
Impresión a dobre cara	Automática (estándar)



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Método de escaneado	Push Scan Escáneo desde o computador (Pull Scan). Escaneado a dispositivo de memoria USB.
Velocidade de escaneado A4 (BN / cor)	200 ppp ou superior
Velocidade de impresión A3 (BN / cor)	100 ppp ou superior
Resolución de escaneado	600 ppp ou superior
Escaneado a dobre cara	Automática (2 caras a 2 caras)
Capacidade de entrada de papel máxima	5.000 follas (80 g/m ²)
Gramaxes de papel compatibles	Casete: 52 a 220 g/m ² Bandexa multi: 52 a 256 g/m ² Dobre cara: 52 a 220 g/m ² ou superior

4. Impresora de etiquetas.

Concepto	Descrición
Método de impresión	Transferencia térmica
Velocidade de impresión	120 mm por segundo ou superior
Resolución de impresión	200 dpi ou superior
Anchura de impresión	104 mm
Lonxitude máxima de impresión	990 mm
Memoria	4 MG flash ou superior
Procesador	RISC de 32 bits

5. Escáner de escritorio de alta velocidade.

Concepto	Descrición
Tipo	Escáner con alimentación de papel vertical
Resolución óptica	600 ppp ou superior
Cara de lectura	Anverso/reverso/dobre cara
Velocidade de lectura	B/N: 25 ppm / 50 ipm ou superior Esc. de grises: 25 ppm / 50 ipm ou superior Cor: 25 ppm / 50 ipm ou superior
Dimensións máximas con bandexa aberta	300x235x339 mm

6. Sistema de alimentación ininterrompida. (SAI/UPS).

Concepto	Descrición
Topoloxía	Línea interactiva con AVR
Potencia	850 VA/ 480 W ou superior
Tensión de entrada e saída	230 VAC
Saídas	2 Schucko mínimo
Tempo de carga	4-6 horas
Comunicacións	Porto USB



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Protección sobrecarga	Si	
Protección tensión baixa de batería	Si	
Módulo de batería	12 V/7 AHx1	12 V/9 AH x1

Durante a duración do contrato os equipos que sexan substituídos deberán presentar as características recomendadas segundo o estándar do momento e dentro da gama establecida actualmente.

Será obrigatorio que as ofertas presentadas se refiran a equipos informáticos cuxas marcas e modelos satisfagan as condicións seguintes:

1. Recoñecemento Internacional.
2. Representación Oficial en Territorio Español.
3. Canles de Distribución de Ámbito Nacional.

Calquera oferta que, a xuízo do Ilmo Concello de Portomarín, non satisfaga as especificacións anteriores será eliminada antes da súa avaliación.

Os licitantes deberán presentar documentación técnica de todo o equipamento a subministrar para facilitar a información técnica relativa ás súas propostas. As empresas licitantes deberán presentar as súas ofertas para a totalidade dos produtos obxecto deste procedemento de subministración. A adxudicación efectuarase de maneira conxunta a un único licitante.

As empresas licitantes están obrigadas a recollida, retirada e reciclaxe dos equipos informáticos.

7.- Mantemento do equipamento.

O equipamento fornecido contará co servizo de mantemento durante toda a vixencia do contrato en canto a reparacións, aínda que se requira a substitución de pezas ou do equipo completo. Dito mantemento levarase a cabo na dependencia onde se atope nese momento o equipo. Dada unha diminución no rendemento/funcionalidade de traballo dun equipo, o Departamento de Informática requirirá unha revisión e/ou actualización de compoñentes hardware/software para que o seu funcionamento volva ser óptimo.

Todos os gastos derivados de calquera clase de operación esixida pola reparación ou substitución de equipos, incluído o movemento ou retirada das máquinas, serán por conta do adxudicatario, non podendo este reclamar abonos por estes conceptos.

A empresa adxudicataria proporcionará un número de teléfono para a comunicación de avarías ou incidencias. Este número estará dispoñible polo menos de Luns a Venres, en horario de 8:00 a 15:00. Na oferta deberase indicar o número de liñas e persoal de atención telefónica existente, así como o número potencial de clientes atendidos polo devandito servizo. Ao informar dunha incidencia a empresa proporcionará un número de identificación único da mesma. Ante a avaría un equipo informático, é unha vez identificada a incidencia resolverase o problema ou sustituirase temporalmente o equipo nun prazo inferior a 24 horas.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Tras a resolución de calquera actuación de mantemento, entregárase un informe de resolución indicando o número de incidencia, datas, identificativo do computador, diagnóstico da incidencia, proceso de resolución e compoñentes remplazados ou reparados.

Con todo, ao anteriormente indicado, o concello terá liberdade para tentar solucionar as incidencias en primeira instancia, sen restrición á manipulación técnica dos equipos. Sen que isto menoscabe en ningún caso a garantía ou o servizo ofrecido.

Na oferta valorárase como unha mellora o que a empresa adxudicataria ofrezca sistemas máis avanzados de xestión de incidencias: sistema web online de comunicación de incidencias, sistema de xestión e seguimento de estado de incidencias, etc

8.- Plan de suministro.

A firma do contrato, a empresa adxudicataria deberá proveer un total de:

- **Catro** equipos da categoría 1. (computador persoal de sobremesa)
- **Un** equipo da categoría 2. (computador persoal de sobremesa+Monitor LED 19"+teclado+rato)
- **Un** equipo da categoría 3. (impresora láser multifunción cor A3)
- **Un** equipo da categoría 4. (Impresora de etiquetas)
- **Un** equipo da categoría 5. (Escáner de escritorio de alta velocidade)
- **Nove** equipos da categoría 6. (Sistema de Alimentación ininterrompida (SAI/UPS))

9.- Orzamento e duración do contrato.

Establécese un orzamento de licitación máximo de 14.400,00 Euros mais IVE.

Prezo	14.400,00 €
IVA 21%	3.024,00 €
TOTAL	17.424,00 €

A duración do contrato será de 60 meses, polo que o prezo mensual será de 240,00 euros/mes.

10.- Criterios de adxudicación.

Para a valoración das ofertas máis vantaxosas atenderase os seguintes criterios:

Criterio	Puntuación
Oferta económica Adxudicaranse 6 puntos por cada 1% de rebaixa sobre o prezo fixado, sen que se teñan en conta as fraccións desta porcentaxe.	Ata 50 puntos
Melloras técnicas	Ata 30 puntos



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Teranse en conta as melloras técnicas ofrecidas. É necesario que os licitadores expoñan de xeito claro e detallado as prestacións que inclúen neste apartado e describan as melloras que supoñen para o Concello as prestacións adicionais.	
Outras melloras Valorarase calquera tipo de mellora non contemplada e que supoña para o concello un aumento nas prestacións iniciais.	Ata 20 puntos

11.- Compromiso de confidencialidade.

A empresa adxudicataria comprométese de maneira expresa a utilizar calquera información propia do Ilmo Concello de Portomarín á que teña acceso como consecuencia da execución do contrato coa exclusiva finalidade de realizar a subministración contratada. Enténdese por “información propia” calquera información relativa a aspectos administrativos, financeiros, comerciais e/ou técnicos do seu funcionamento que sexa fornecida polo Ilmo Concello de Portomarín ao adxudicatario coa finalidade descrita.

A información propia do Ilmo Concello de Portomarín nos termos definidos terá a consideración de información confidencial, polo que o adxudicatario comprométese de maneira expresa a non difundir, transmitir, nin revelar a terceiras persoas, nin a utilizar tal información, en interese propio ou de terceiros, tanto durante a vixencia do contrato, como despois da súa extinción, sen o previo consentimento expreso do Ilmo Concello de Portomarín que haberá de constar necesariamente por escrito.

Dita prohibición esténdese á reprodución en calquera soporte de tal información. O adxudicatario responde fronte ao Ilmo Concello de Portomarín do cumprimento destas obrigacións polas persoas que asigne á execución do contrato.

Así mesmo o adxudicatario comprométese a destruír a devandita información en canto o seu uso xa non sexa necesario para a execución do contrato.

12.- Protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario obrígase a cumprir a normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Se en execución do contrato fose necesario o acceso do adxudicatario a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade do Ilmo Concello de Portomarín, o adxudicatario unicamente poderá tratar tales datos conforme ás instrucións do Ilmo Concello de Portomarín, responsable do tratamento, e non os aplicará ou utilizará con fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

O tratamento de tales datos, por parte do adxudicatario unicamente poderá ser realizado coa exclusiva finalidade de executar o contrato suscrito co Ilmo Concello de Portomarín. Se o tratamento de datos ten lugar, o adxudicatario comprométese:

+ A non utilizar nin a tratar tales datos de carácter persoal cunha finalidade distinta da mencionada e a non comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación, e, en especial, non reproducirá, publicará nin difundirá ningunha información acerca daqueles.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

+ A garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas no Regulamento de Medidas de Seguridade do Ilmo Concello de Portomarín.

Á extinción da relación contractual por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivese acceso o adxudicatario deberán ser destruídos ou devoltos ao Ilmo Concello de Portomarín, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

O incumprimento destas obrigacións por parte do adxudicatario faralle responder persoalmente as infraccións que cometa coma se ocupase a posición de Responsable do Tratamento. A vulneración das estipulacións contidas na presente cláusula será considerada como causa xustificada de resolución do contrato, sen dereito á percepción de indemnización algunha por parte do adxudicatario nin observancia de ningún prazo de preaviso por parte do Ilmo Concello de Portomarín.

No suposto de incumprimento das obrigacións asumidas en virtude desta cláusula, e con independencia do anteriormente exposto, o Ilmo Concello de Portomarín se reserva en todo caso o dereito de reclamar o resarcimento dos danos e prexuízos que se lle puidesen causar como consecuencia do devandito incumprimento.

O adxudicatario deberá achegar, a toda a documentación presentada, unha declaración na que indique expresamente a estrita observancia destas obrigacións por parte do seu persoal en xeral e, en particular, por parte das persoas que asigne á execución do contrato.

Asinado electronicamente a marxe do documento

Fdo.- Roberto Rodríguez Vázquez
Técnico Municipal